

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A
CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2024**

ASISTENTES

ALCALDE

Ana M^a López Fernández

**CONCELLEIROS/AS
GRUPO P.P**

Miguel A. Pérez Fraguela
Laura García Ruíz
Alberto Balado Ramonde

GRUPO PSGA-PSOE

José M. Alonso Pumar
Jonathan I. Miranda Lucas

GRUPO BNG:

Carlos Castro Durán
Pablo Fraguela Casás
Nuria Oliveira Álvarez

AUSENTES

Miriam Rodríguez Fernández
Carmen del Río Fraguela

SECRETARIA:

M^a Dolores Crego López

INTERVENTORA:

Ausente

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día vinteseis de setembro de dous mil vinte e catro, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana M^a López Fernández. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

ORDE DO DIA:

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DAS SESIÓNS ANTERIORES:
01/08/2024 e 12/09/2024.**

**2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA
SESIÓN ORDINARIA: DO 311/2024, DE 29 /07/2024 ATA O 381/2024 DE 20/09/2024**

**3°.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO REGUJLAMENTO DO
PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE CARIÑO (EXPTE
2024/G014/000001)**

4°.- MOCIÓNS

5°.- ROGOS E PREGUNTAS

.....
**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES:
01/08/2024 E 12/09/2024.**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á actas das sesións de 01/08/2024 e 12/09/2024, enviadas a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Carlos Castro solicita que na acta do 1 de agosto se corrixa que o concelleiro Miguel Pérez Fraguera figura como presente e ausente, cando en realidade asistiu.

Coas correccións anteriores, a acta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes na mesma.

En canto á acta da sesión extraordinaria do 12 de setembro, resulta aprobada por unanimidade dos asistentes á mesma.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 311/2024, DE 29 /07/2024 ATA O 381/2024 DE 20/09/2024.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado dos Decretos de referencia.

3º.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO REGUJLAMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE CARIÑO (EXPTE 2024/G014/000001)

Visto o ditame da C.I. Benestar Social, Cultura, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude e Mercado, de data 23/07/2024, que , por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte **DITAME**:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Cariño, nos termos que figura no expediente.

SEGUNDO: Someter dita modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no BOP e taboleiro de anuncios do Concellos, no prazo de trinta (30) días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

ANEXO

Art. 22.- Horarios e Apertura do Servizo.

22.1.-O servizo do PAI desenvolverase durante 12 meses. As causas dos peches estarán acreditadas mediante documentos asinados polo/a representante legal ou o técnico/a competente.

De acordo co principio de gratuidade establécese que o Punto de Atención á Infancia ofertará o servizo de atención educativa durante un mínimo de oito horas diarias incluso os seguintes días: os non festivos 24 e 31 de decembro; o 5 de xaneiro e martes de Entroido, e o mes de agosto

22.2.- O horario do PAI inicial será de **08:00 a 16:00 horas** e poderá modificarse por Resolución de Alcaldía, de acordo coas disponibilidades de recursos humanos e orzamentarios do Concello.

22.3.- Tanto o calendario laboral como o horario de apertura e peche figurarán no taboleiro de anuncios do centro.

Tendo en conta que o período subvencionable compréndese entre o 1 de setembro e o 31 de xullo, os usuarios que faigan uso do servizo de atención educativa durante o mes de agosto, deberán abonalo ao Concello, na contía que resulte de aplicar a ordenanza reguladora.

ARTIGO 33.

O centro está a aplicar o réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería e as súas actualizacións. O Punto de Atención á Infancia acóllese as axudas para o fomento da gratuidade da atención educativa, unha vez realizada a inscrición, a Matrícula e atención educativa é subvencionada ao 100% pola Xunta de Galicia polo que é gratuítas para as familias. Para a matrícula, poderán percibir das persoas usuarias o importe do prezo establecido, se fose o caso e que estará recollido na Ordenanza fiscal.

A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 5 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa da gratuidade, polo que a familia aboará a cota correspondente á atención educativa se non quere perder a praza.

Se exceptúan da actuación subvencionable o custo do servizo de comedor/cociña e as actividades extras á atención educativa que supoñan un custo adicional cuantificable para o centro. As cotas do servizo de cociña, horario amplo, horas extras ou actividades extras, etc. serán detalladas no documento relación de Prezos que se publicará no taboleiro de anuncios do centro e no apartado correspondente do RUEPSS. Ditos importes serán aboados polas familias.

Para establecer o cobramento o Concello de Cariño aprobará unha Ordenanza Fiscal que regulará os prezos do uso dos servizos do PAI, no que se recollerán como mínimo as seguintes cuestións :

- Réxime de actualización de prezos
- Forma de pago
- Período de pago
- Factura, que o Concello entregará á familia se o precisa.
- Réxime de reserva de praza para o caso de ausencias/vacacións:

O mes de agosto non é subvencionable, polo que será a familia a que aboará ese mes se necesitase da asistencia do/a menor debido á necesaria conciliación da vida familiar e laboral.

No suposto que algunha actividade non se atope tarifada na Ordenanza fiscal ou resulte necesaria a modificación ou actualización das contías segundo o IPC, delégase na Xunta de Goberno Local, conforme os artigos 47 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 23.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, o establecemento da contía ou a actualización da mesma segundo o IPC, a proposta do servizo técnico correspondente co previo informe do interventor municipal.

Os prezos públicos establecidos actualizaráanse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xuño anterior.

No caso de vacacións ou ausencias, debidamente xustificadas, o centro reservará a praza do/a alumno/a. A bonificación refírese ó 100% do prezo correspondente á atención educativa prestada aos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia, excluído o mes de vacacións do neno ou nena. As familias poden escoller libremente o período de desfrute das vacacións, preferentemente nos meses de verán.

ARTIGO 35.- A LINGUAXE

O Centro está a cumprir cos contidos esixidos para o proxecto lingüístico, de acordo co Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

A lingua mais utilizada en cada grupo será a lingua materna predominante entre os nenos/as que forman parte do mesmo, fomentarase o uso do galego tendo sempre unha persoa referente que fale en galego dentro do persoal que traballe no PAI . No proxecto educativo incluírse o tratamento lingüístico do centro que deberá acadar o desenvolvemento das capacidades dos nenos/as nas dúas linguas oficiais de Galicia cara o seu uso como vehículo de comunicación. Atenderáse de maneira individualizada a aqueles nenos/as do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante.

Os documentos oficiais da escola entregaranse en galego ou castelán, a demanda das persoas solicitantes. Na etapa de educación infantil o persoal educador empregará na aula as dúas linguas cooficiais, fomentando a participación en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas. As palabras e o vocabulario propio de cada unha das linguas cooficiais actuarán como nexos de unión desde o que enriquecer a bagaxe cultural e desenvolver a sensibilidade e a creatividade, de xeito que se lle ofrece á infancia, simultaneamente, a chave de acceso a unha cidadanía crítica, solidaria, igualitaria e comprometida coa sociedade

A Sra. Alcaldesa explica que cómpre facer esta modificación do regulamento a requirimento da Consellería de Política Social para adaptalo ás bases reguladoras da subvención de este ano.

Na quenda de intervencións, faino en primeiro lugar o Sr. Castro e di que o seu grupo vai votar a favor.

O Sr. Alonso, di que o seu grupo vai votar a favor, pero pregunta cómo se vai regular, se como taxa ou prezo público, porque parece que hai contradicións no texto, e se vai vir a pleno ou por Xunta de Goberno. Tamén lle chama a atención que só se subvenciona o período comprendido entre o 1 de setembro e o 31 de xullo, quedando sin financiación o mes de agosto. Tamén di que según a orde da convocatoria o máximo a subvencionar serían dezanove mil euros, cantidade moi inferior ao custo do servizo ao concello que ronda os cincuenta mil, polo que se debería pedir á Xunta que incremente a financiación porque resulta manifestamente insuficiente, e carga as arcas municipais.

A Sra. Alcaldesa di que se aplicará a ordenanza que xa había, e as variacións trataranse en pleno o xunta de goberno según se estableza na mesma. Por outro lado, todos os alumnos teñen que ter un mes de vacacións obrigatoriamente, e desde o Pai pñeranse en contacto cos proxenitores/as para que collan como tal o mes de agosto. Tamén di que xa están en pedir á Xunta de Galicia que aumenten a financiación dos Pai.

Sometido a votación o dictame, o Pleno acéptao o ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Cariño, nos termos que figura no expediente.

SEGUNDO: Someter dita modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no BOP e taboleiro de anuncios do Concellos, no prazo de trinta (30) días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

ANEXO

Art. 22.- Horarios e Apertura do Servizo.

22.1.-O servizo do PAI desenvolverase durante 12 meses. As causas dos peches estarán acreditadas mediante documentos asinados polo/a representante legal ou o técnico/a competente.

De acordo co principio de gratuidade establécese que o Punto de Atención á Infancia ofertará o servizo de atención educativa durante un mínimo de oito horas diarias incluso os seguintes días: os non festivos 24 e 31 de decembro; o 5 de xaneiro e martes de Entroido, e o mes de agosto

22.2.- O horario do PAI inicial será de **08:00 a 16:00 horas** e poderá modificarse por Resolución de Alcaldía, de acordo coas disponibilidades de recursos humanos e orzamentarios do Concello.

22.3.- Tanto o calendario laboral como o horario de apertura e peche figurarán no taboleiro de anuncios do centro.

Tendo en conta que o período subvencionable compréndese entre o 1 de setembro e o 31 de xullo, os usuarios que faigan uso do servizo de atención educativa durante o mes de agosto, deberán abonalo ao Concello, na contía que resulte de aplicar a ordenanza reguladora.

ARTIGO 33.

O centro está a aplicar o réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería e as súas actualizacións. O Punto de Atención á Infancia acóllese as axudas para o fomento da gratuidade da atención educativa, unha vez realizada a inscrición, a Matrícula e atención educativa é subvencionada ao 100% pola Xunta de Galicia polo que é gratuítas para as familias. Para a matrícula, poderán percibir das persoas usuarias o importe do prezo establecido, se fose o caso e que estará recollido na Ordenanza fiscal.

A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 5 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa da gratuidade, polo que a familia aboará a cota correspondente á atención educativa se non quere perder a praza.

Se exceptúan da actuación subvencionable o custo do servizo de comedor/cociña e as actividades extras á atención educativa que supoñan un custo adicional cuantificable para o centro. As cotas do servizo de cociña, horario amplo, horas extras ou actividades extras, etc. serán detalladas no documento relación de Prezos que se publicará no taboleiro de anuncios do centro e no apartado correspondente do RUEPSS. Ditos importes serán aboados polas familias.

Para establecer o cobramento o Concello de Cariño aprobará unha Ordenanza Fiscal que regulará os prezos do uso dos servizos do PAI, no que se recollerán como mínimo as seguintes cuestións :

- Réxime de actualización de prezos
- Forma de pago
- Período de pago

-Factura, que o Concello entregará á familia se o precisa.

-Réxime de reserva de praza para o caso de ausencias/vacacións:

O mes de agosto non é subvencionable, polo que será a familia a que aboará ese mes se necesitase da asistencia do/a menor debido á necesaria conciliación da vida familiar e laboral.

No suposto que algunha actividade non se atope tarifada na Ordenanza fiscal ou resulte necesaria a modificación ou actualización das contías segundo o IPC, delégase na Xunta de Goberno Local, conforme os artigos 47 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 23.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, o establecemento da contía ou a actualización da mesma segundo o IPC, a proposta do servizo técnico correspondente co previo informe do interventor municipal.

Os prezos públicos establecidos actualizaráanse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xuño anterior.

No caso de vacacións ou ausencias, debidamente xustificadas, o centro reservará a praza do/a alumno/a. A bonificación refírese ó 100% do prezo correspondente á atención educativa prestada aos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia, excluído o mes de vacacións do neno ou nena. As familias poden escoller libremente o período de desfrute das vacacións, preferentemente nos meses de verán.

ARTIGO 35.- A LINGUAXE

O Centro está a cumprir cos contidos esixidos para o proxecto lingüístico, de acordo co Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

A lingua mais utilizada en cada grupo será a lingua materna predominante entre os nenos/as que forman parte do mesmo, fomentarase o uso do galego tendo sempre unha persoa referente que fale en galego dentro do persoal que traballe no PAI . No proxecto educativo incluírse o tratamento lingüístico do centro que deberá acadar o desenvolvemento das capacidades dos nenos/as nas dúas linguas oficiais de Galicia cara o seu uso como vehículo de comunicación. Atenderáse de maneira individualizada a aqueles nenos/as do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante.

Os documentos oficiais da escola entregaranse en galego ou castelán, a demanda das persoas solicitantes. Na etapa de educación infantil o persoal educador empregará na aula as dúas linguas cooficiais, fomentando a participación en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas. As palabras e o vocabulario propio de cada unha das linguas cooficiais actuarán como nexos de unión desde o que enriquecer a bagaxe cultural e desenvolver a sensibilidade e a creatividade, de xeito que se lle ofrece á infancia, simultaneamente, a chave de acceso a unha cidadanía crítica, solidaria, igualitaria e comprometida coa sociedade

4º.- MOCIÓN

O Concelleiro Carlos Castro da lectura á parte dispositiva da moción presentada para o seu debate no Pleno de hoxe que se transcribe a continuación:

“MOCIÓN SOLICITANDO A CONDENA DO XENOCIDIO EN GAZA E A OCUPACIÓN DA PALESTINA

Don Carlos Castro Durán, portavoz do Grupo Municipal do BNG no concello de Cariño, ao abeiro da lexislación vixente, e a instancias da Coordinadora Galega de Solidariedade con Palestina, presenta para o seu debate no Pleno da corporación municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Municipal do BNG vemos con grande preocupación a grave situación que se está vivindo na Palestina e cremos que compartimos estes sentimentos coa maioría da veciñanza. Sendo o concello a institución máis próxima ao sentir da cidadanía, consideramos imprescindible que o Concello de Cariño faga súa esta preocupación e as demandas do sentir popular e denuncie a grave vulneración do dereito internacional e os crimes de guerra que día a día e ano tras ano está acometer o Estado de Israel.

O pobo palestino está a sufrir unha agresión brutal e inhumana, non só desde o 7 de Outubro, senón desde hai máis de 76 anos. O estado de Israel leva décadas de ocupación ilegal dos territorios palestinos e utiliza a forza militar e a violencia para impor a súa presenza e manter un réxime de Apartheid na Palestina.

Os terribes ataques e bombardeos en Gaza deixan máis de 41.000 vítimas mortais, milleiros de persoas desaparecidas e feridas que non teñen posibilidade de atención médica. Unhas cifras terribes que aumentan co paso dos días. A destrución dos fogares da maioría da poboación de Gaza, o derrubamento de infraestruturas civís, sen respectar nin escolas nin hospitais, está a provocar o desprazamento forzado de centos de milleiros de habitantes da faixa cara as chamadas “zonas seguras” nas que tampouco se respecta a poboación civil. Os cortes de subministracións e o peche total das fronteiras baixo control de Israel teñen como consecuencia unha grave esnutrición e fame, especialmente nos máis vulnerábeis, e a morte de persoas enfermas e feridas que non teñen acceso a medicamentos nin atención médica, situación que denuncian organizacións internacionais como a OMS, a Cruz Vermella, a Media Lúa Vermella ou Médicos sen Fronteiras.

Na Palestina ocupada é preocupante a escalada de violencia e do roubo de terras para asentamentos ilegais. Desde outubro de 2023 máis de 652 palestinos foron asasinados fóra de Gaza, incluíndo 150 menores, milleiros de persoas desprazadas pola violencia, a ocupación e o roubo das súas propiedades e máis de 12.000 persoas detidas en prisións israelís sen cargos nin xuízos.

O pasado 18 de setembro, a Asemblea Xeral da ONU adoptou por abafante maioría unha resolución para esixir a fin da ocupación dos territorios palestinos. Esta esolución “pide a Israel que poña fin sen demora á súa presenza ilegal nos territorios palestinos ocupados, incluído Xerusalén Este”. Esixe ademais, a Israel, que devolva as terras roubadas á poboación palestina, permita o retorno ás persoas desprazadas e proceda a reparar aos damnificados, e piden, ademais, á comunidade internacional que non recoñeza as consecuencias territoriais, legais nin demográficas da ocupación de territorio palestino.

Por todo isto, en defensa dos Dereitos humanos, dos que toda persoa e pobo debe gozar, o Grupo Municipal do BNG propón á Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- 1. Condenar e rexeitar as accións militares do Estado de Israel tanto na Faixa de Gaza como no resto de territorios palestinos, o que supón unha grave violación do dereito internacional e solicitar a detención inmediata das agresións e a total retirada das tropas de ocupación e das colonias ilegais na Palestina.*
- 2. Instar ao Goberno municipal a apoiar e difundir por todos os medios ao seu alcance a mobilización nacional de apoio ao pobo palestino do 6 de outubro en Compostela.*
- 3. Amosar o respecto pleno ao dereito de soberanía da Palestina e da súa integridade territorial.*
- 4. Manifestar a total solidariedade do Concello de Cariño con Palestina e co seu pobo, lamentando a perda de milleiros de vidas e transmitir o profundo pesar polo padecemento da súa poboación.*
- 5. Instar á Unión Europea a dar o apoio humanitario necesario ao pobo palestino, así como a intensificación da axuda humanitaria e de emerxencia.*
- 6. Instar á UE, ao Estado español e ao Goberno da Xunta de Galiza a coordinarse para acoller nas mellores condicións ás persoas refuxiadas e a comprometerse coa atención sociosanitaria das crianzas palestinas en grave situación de vulnerabilidade, e á ruptura de relacións diplomáticas e de acordos académicos e comerciais co estado de Israel.*
- 7. Solicitar á UE un maior esforzo para impulsar unha desescalada da ocupación e da violencia a través de relacións diplomáticas e do respecto do dereito internacional.*
- 9. Instar ao Goberno Municipal a comprometerse a non acoller ningún evento de carácter deportivo, cultural ou doutra índole con asociacións ou organizacións sionistas, adheríndose á convocatoria de boicot económico a Israel e comprometéndose a non mercar produtos de orixe israelí, nin realizar contratacións con empresas do estado sionista.*
- 10. A Corporación municipal do Concello de Cariño recoñece o Estado Palestino, co seu territorio íntegro entre o río Xordán e o mar Mediterráneo.*

A Alcaldesa di que o seu grupo vai votar a favor, pois están en contra de tódalas guerras, pois son unha barbarie que nada bo traen.

O Sr. Alonso di que que o seu grupo vai apoiar a moción, a súa posición é clara: apostan pola coexistencia de dous estados Israel e Palestina. Están en contra de toda violencia ou

asesinato, sea terrorista ou de estado. Non son alleos á situación que están a vivir eses países e, aínda que se tiña falado de non traer a Pleno mocións xenéricas de apoio a diferentes causas que lles mandan os seus grupos políticos, neste caso hai que ser sensibles coa situación e polo tanto a moción parécelle ben e así a van apoiar.

O Pleno corporativo por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

1. Condenar e rexeitar as accións militares do Estado de Israel tanto na Faixa de Gaza como no resto de territorios palestinos, o que supón unha grave violación do dereito internacional e solicitar a detención inmediata das agresións e a total retirada das tropas de ocupación e das colonias ilegais na Palestina.
2. Instar ao Goberno municipal a apoiar e difundir por todos os medios ao seu alcance a mobilización nacional de apoio ao pobo palestino do 6 de outubro en Compostela.
3. Amosar o respecto pleno ao dereito de soberanía da Palestina e da súa integridade territorial.
4. Manifestar a total solidariedade do Concello de Cariño con Palestina e co seu pobo, lamentando a perda de milleiros de vidas e transmitir o profundo pesar polo padecemento da súa poboación.
5. Instar á Unión Europea a dar o apoio humanitario necesario ao pobo palestino, así como a intensificación da axuda humanitaria e de emerxencia.
6. Instar á UE, ao Estado español e ao Goberno da Xunta de Galiza a coordinarse para acoller nas mellores condicións ás persoas refuxiadas e a comprometerse coa atención sociosanitaria das crianzas palestinas en grave situación de vulnerabilidade, e á ruptura de relacións diplomáticas e de acordos académicos e comerciais co estado de Israel.
7. Solicitar á UE un maior esforzo para impulsar unha desescalada da ocupación e da violencia a través de relacións diplomáticas e do respecto do dereito internacional.
9. Instar ao Goberno Municipal a comprometerse a non acoller ningún evento de carácter deportivo, cultural ou doutra índole con asociacións ou organizacións sionistas, adheríndose á convocatoria de boicot económico a Israel e comprometéndose a non mercar produtos de orixe israelí, nin realizar contratacións con empresas do estado sionista.
10. A Corporación municipal do Concello de Cariño reconece o Estado Palestino, co seu territorio íntegro entre o río Xordán e o mar Mediterráneo.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

CARLOS CASTRO realiza as seguintes preguntas ou rogos:

- 1.- No Pleno do 5 de abril, preguntaran polo alumeadado público na zona de Laguna-Instituto, e dixeran que se ían a mandar arreglar unhas farola, e pregunta si se fixo.

A Alcaldesa dí que se enviaron a arreglar, cambiáronse e segue habendo algún problema que cando chove miúdo fai saltar o cadro electrico nesa zona. Ahora van seccionar en tres partes para localizar mellor o fallo.

2.- Di que falou co presidente do Clube de Fútbol que lle expuxo o problema dos focos que alumean o campo, que igual están mal orientados. ¿Vaise facer algo ao respecto?

A concelleira Laura García di que xa ten falado co Presidente do Clube de Fútbol e xa está ao corrente do que levan feito ao respecto, desde mirar de orientalos ben, ata que temos un informe dunha empresa especializada de cara a esixirlles a reparación á empresa que fixo a instalación pois tiñan unha garantía de quince anos, que aínda non pasaron. Isto mesmo aseveran os concelleiros do grupo socialista. Segue decindo a concelleira que xa lle trasladou ao presidente que pediron presupostos para arranxar os banquillos, os peches de rede, etc.

3.- O Sr. Castro di que poderían manter unha reunión entre representantes do tres grupos políticos para ver a posibilidade do cambio de céspede do Campo de Fútbol, e buscar financiación, sea provincial ou autonómica.

O Concelleiro Alberto Balado, di que se lle vai facer unha nova canle de desaugue para evitar que encharque.

4.- En canto aos baños públicos da praia de Fornos, pregunta si se repararán de cara ao vindeiro verán, pois condidera que son moi necesarios..

O Concelleiro Alberto Balado di que se tentarán de reparar con tempo.

5.- No Pleno do 30 de maio, a Sra. Alcaldesa dixo que estaba pendente de ter unha entrevista co Presidente a Deputación, e pregunta se a tivo.

A Sra. Alcaldesa responde que non, que aínda non lle deron cita, por máis que insitiu. Di tamén que están a barallar outra opción de financiación para un arranxo maior.

Pregúntalle entón ¿para cando? Respóndelle que nuns meses poderían empezar as obras.

6.- Roga unha vez máis que se pinte a zona dos taxis, pois é caótica.

7.- Pregunta polo estado da RPT.

A Sra. Alcaldesa di que tivo varias reunións cos representantes sindicais dos traballadores e funcionarios e pouco a pouco vamos mirando as prazas para sacala adiante e poder sacar prazas que fan falta.

8.- Pregunta cómo está o tema da reversión dos terreos de Portos, ao que se lle responsta que igual, que non houbo nada novo.

9.- No pleno do 30/11/2023, xa lles preguntaran se ían dar solucións aos socavóns que se forman na R/ Pérez Lugín e Dr. Carreño.

Respóndelle a Sra. Alcaldesa, que ahí hai un problema grande pola cantidade de augas que pasan por debaixo, prodúcense filtracións, rompen tuberías, e producen afundimentos na rúa. Ahí hai que acometer unha obra grande, e de moito presuposto, mirarán de facer unha U de formigón, pero de momento non.

10.- No Pleno do 1 de febreiro, sobre as subvencións ás asociacións municipais díxose que se iban sacar as de 2023 e 2024, e aínda non saíron, ¿vanse sacar?

A Sra. Alcaldesa di que xa teñen bastante avanzado nas bases para sacalas proximamente.

11.- Di que lle sorprende ver nas redes sociais do Concello o anuncio dunha actividade particular (Danzaortegal) que se vai levar a cabo no concello veciño, e pregunta qué criterio se segue para publicitar cousas nas redes sociais do concello.

Responde a concelleira Laura García decindo que lle presentaron a actividade e que pediron de anunciálo e como lle pareceu interesante, que era nun lugar intermedio entre Ortigueira e Cariño ao que podería haber interesados en ir desde aquí e de cara a poder facelo aquí nun futuro, pois por iso se publicou.

12.- De cara ao vindeiro verán, ¿poderíase mirar da ordenación de lugares de estacionamento de caravanas?

A Sra. Alcaldesa di que se tentará, aínda que é complexo. Hai que habilitar máis sitios específicos para o estacionamento, pois está a pasar o que en moitos concellos, e moitas veces fan caso omiso das prohibicións sobre todo na zona de Fornos. Mirárase tamén de sinalar diante do Centro de saúde para que non entorpezan aos usuarios do mesmo.

13.- Pregunta polos locais do mercado, ¿qué habería que facer para a súa explotación?.

A Sra. Alcaldesa di que os locais teñen que saír a concurso público para que calquera persoa interesada poida optar usalos, e a ver si o ano que ven se poden sacar. Di que xa veu xente pregunta ao concello e a todo o mundo se lles explica o proceso a seguir.

O Sr. Alonso di que hai unha ordenanza de uso do mercado, e a explotación dos postos réxese pola lei de contratos, hai que taxalos todos, valoralos para poder poñerlles prezo de aluguer e logo sacar un concurso global pero definindo cada posto individualmente, e se quedan desertos, hai que licitalos dúas veces antes de que se poidan adjudicar directamente.

14.- Pregunta si o Concello podería facer algo ante a mala situación económica na que se atopa a Cofradía de Pescadores, e se tiveron algunha reunión ao respecto.

A Sra. Alcaldesa responde que están en contacto coa Asociación de Percebeiros, pero coa Cofradía como tal non.

15.- Pregunta tamén se o Concello pode facer algo para obrigar a retirar os refugallos que ten Marcultura en Sismundi.

A Sra. Alcaldesa responde que tentarán de falar con costas, pois están en dominio público, para ver cómo está a concesión, e se está en vigor que lles obrigue aos concesionarios a limpar.

16.- Nos Decretos da Alcaldía hai varios pagos por danos producidos por colectores do lixo, e pregunta se non podería comprar suxeccións.

A Sra. Alcaldesa di que se compraron dentro do Fondo de Compensación Ambiental, e tan pronto se reciban colocaranse nos sitios máis perigosos.

A continuación intervén o portavoz do PSdeG-PSOE, D. José Miguel Alonso, que fai as seguintes matizacións:

- 1.- As anclaxes dos colectores do lixo que se pediron no FCA son moi necesarios. No seu goberno tamén se pedirán e colocaran en Landoi.
- 2.- O Sr. Castro xa non preguntou pola gravación e retransmisión dos plenos, pero él insiste unha vez máis, así como tamén na elaboración de videoactas.
- 3.- Con respecto aos refugallo de Marcultura, entende que é un tema de Costas. A empresa que a concesión, parece que deu quebra ou cando menos está nunha situación difícil. Hai que ter coidado con eles, pois saben moitas triquiñuelas. O Ministerio demandounos por problemas que tiñan nunha concesión no Río Eo, e viñeran a este Concello para que presionáramos ao Ministerio a cambio de limpar o de Sismundi. A concesión debe estar casi vencida, e habería que facer todo o posible para que limpasen e poder facer alí algo decente.

A continuación pregunta:

1.- ¿Cando cesaron os socorristas? A concelleira Laura García responde que estiveron do 1 de agosto ao 10 de setembro. O Sr. Alonso di que o vindeiro ano se debería anticipar a contratación.

2.- ¿Cando se fixo a última xuntanza da Mesa de Comercio? ¿Por qué non se fixo a feira de oportunidades que sempre era o día da caldeirada?

A concellería Laura García di que se fixo hai uns meses, e que os comerciantes do Concello non quixeron facer a feira de oportunidades no verán, pois preferiron acudir á de Ortigueira que eran dous días.

3.- ¿Fixeron a valoración da asistencia de público á Mostra de Teatro?

A concelleira Laura García di que foi similar á de outros anos, de feito só houbo unha diferenza de dous bonos vendidos de menos con respecto á do ano pasado. Di que non entende a polémica que se montou co cambio de datas, pois veu sendo o mesmo.

O Sr. Alonso di que parece que houbo menos xente nos espectáculos de rúa. A concelleira responde que iso é moi difícil de cuantificar.

O Sr. Alonso congratúlase de que saise ben igualmente, non obstante tíñase dito que se anticipara para non coincidir coas festas de A Pedra, e logo poñen a Carreira Popular o mesmo día 15 de agosto polo mañá, e pregunta se non había outra data.

A Sra. Concelleira di que a carreira popular organizouse nesa data para non coincidir coas vacacións do Técnico de Deportes e co monitor da piscina que se encargaban de programar o evento.

O Sr. Alonso pide que se evite esa data nos vindeiros anos.

4.- Dixéronlle que os taxistas pedirán hai sete meses o pintado dos aparcamentos na zona onde teñen a parada, e pide que se faiga canto antes para evitar o caos que se forma habitualmente.

5.- Pregunta se houbo algunha xuntanza coa Sareb por un edificio que está en mal estado.

A Sra. Alcaldesa responde que non.

6.- Pregunta cómo está o Pepri, pois preocúpalle que non vaia ser que cambien as leis. A Sra. Alcaldesa responde que segue o mesmo. Espera que dentro de pouco se poidan preparar as notificacións e facelas a través dos funcionarios municipais.

7.- Pregunta qué pasa coa obra de demolición da nave na R/ Dr. Soneira pois está a obra parada. O Concelleiro Alberto Balado di que falta fundir o espazo para anivelalo coa rúa, e que virán proximamente.

8.- Pregunta si se modificou o proxecto da obra de Sanchla, e a Sra. Alcaldesa di que de momento non.

9.- Pregunta qué se sabe da praza do médico, pois aínda que hai un médico novo parece ser que non é o titular da praza aínda.

Responden que non saben nada máis ao respecto.

10.- Di que ía preguntar polas subvencións ás asociacións pero xa se da por enterado coa resposta dada ao portavoz do BNG.

11.- Pregunta cómo están os convenios que había coa Deputación para os tellados do Polieportivo e da casa da Cultura, pois cando eles gobernaban estaban pendentes de autorizacións sectoriais, e noutro pleno díxose que xa viñeran.

A Sra. Alcaldesa di se iso referíase para a execución da reforma eléctrica da Casa da Cultura,

O Sr. Alonso referíndose ao Polideportivo di que oxalá se poida levar a cabo canto ante, e si vai ter aportación municipal pregunta si será con incorporación de remanentes

12.- En canto á subvención que pediran para os parques, pregunta se a concederon.

A concelleira responde que sí, pero que non había crédito para a aportación municipal.

13.- Pregunta si se solicitou unha subvención para a modernización da biblioteca municipal, que acabou o prazo o día anterior.

A Sra. Alcaldesa responde que non.

O Sr. Alonso insite en que era do Ministerio, e que foi unha pena.

A Sra. Concelleira Laura García, di que non se pode pedir todas as que saen, pois hai que ter os proxectos preparados, e ás veces non é posible.

14.- En canto ao Xeopaque, pregunta si se vai organizar algo en Cariño proximamente, pois ve que hai eventos noutros concellos e aquí non.

A Sra. Alcaldesa di que hai eventos diferentes en tódolos concellos, aquí concretamente xa houbo as olimpíadas no instituto.

O Sr. Alonso di que o Comité científico veu a Cariño porque un membro del dixu que non viña se non se visitaba Cariño, e pide que se teña cuidado de que Cedeira por estar na presidencia non acapare todo para o seu concello. Di que hai que procurar que veñan máis cousas para aquí.

Para rematar advirte dun canalón roto no mercado e que está roto o colector do lixo da fonte de San Xiao.



E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinteunha horas e vintecinco minutos.

A Alcaldesa
Asdo:- Ana M^a Fernández López

A Secretaria Acctal.
Asdo. M^a Dolores Crego López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE